

TRABALLO PARA FACER A PARTIR DO 31 DE MARZO

Non vou enviar traballo específico para as vacacións porque considero que o alumnado debe descansar. Aínda así, cadaquén pode aproveitar para repasar ou facer os exercicios destas semanas se non tivo tempo de rematalos. Tamén convén non perder o hábito de ler e de escribir, cada persoa ó seu ritmo. Se algún/ha alumno/a quere que lle envíe indicacións para traballar durante as vacacións que contacte comigo (olalla.linhares@gmail.com). Moito ánimo, que nunca choveu que non escampara!

Ademais das tarefas para cada sesión que se propoñen neste documento, as alumnas e alumnos deberán ir escribindo un diario sobre as súas vivencias nestes días. Non é preciso escribir estritamente tódolos días, mais si un mínimo de 3 días á semana. Débense escribir unhas 10 liñas de cada vez. Isto pódese facer no caderno ou en folios á parte (como fixemos co “libro” de relatos). Ademais, se se fai a ordenador, pódese ir enviando isto ó meu correo e eu irei facendo as correccións pertinentes.

1ª sesión

1. Copia no teu caderno a estrofa dun poema en lingua galega de, cando menos, 4 versos. Debes anotar tamén o nome do seu autor ou autora.
2. Identifica se nos versos desta estrofa hai rima ou non. Se a hai, indica se é consonante ou asonante (podes consultar a páxina 144 do libro de texto para isto).
3. Aprende a estrofa de memoria e recítala gravándote en vídeo. Envía o vídeo a olalla.linhares@gmail.com.

2ª sesión

Le o texto das páxinas 134-135 do libro de texto e realiza os seguintes exercicios no teu caderno:

- a) Fai un resumo do texto dunhas 5 liñas. Debes empezas así: “*Este texto trata sobre...*” ou “*Este texto conta...*”.
- b) Fai os exercicios 2 e 10 da páxina 136. No caso do exercicio 10, debes contalo de xeito escrito (mínimo 5 liñas).

3ª e 4ª sesión

Escoita no Youtube a canción “[Nunca choveu](#)” da artista Bolboreta e realiza as seguintes tarefas:

1. Escribe ordenadamente no teu caderno as palabras que faltan na letra da canción que se atopa na páxina seguinte. Comproba se o fixeches ben consultando a última páxina deste documento (non só te fixes nas palabras, senón en se están ben escritas).
2. O galego posúe unha infinidade de palabras para designar a chuvia/choiva. Pregunta na túa casa por diferentes xeitos de chamarlle á chuvia e anota 3 destas palabras no teu caderno

indicado a que tipo de chuvia se refire cada unha delas (por exemplo, o *orballo* é unha chuvia moi fina, a *sarabia* é a chuvia conxelada que cae en forma de gran, etc.).

3. Na letra desta canción aparecen 4 refráns ou ditos populares relacionados coa palabra chuvia/choiva. Identifícaos e explica o seu significado no teu caderno.
4. Anota no teu caderno outros dous refráns en galego que coñezas e o seu significado. Se non coñeces ningún, podes preguntar na casa ou procurar en internet.
5. Busca na letra da canción os seguintes tipos de palabras e anótaos no teu caderno. Pódeste axudar do Apéndice do libro de texto e da teoría sobre os pronomes das unidades 7 e 8.
 - a) Un verbo en presente de indicativo.
 - b) Un verbo en pretérito de indicativo.
 - c) Un verbo en antepretérito de indicativo.
 - d) Un verbo en presente de subxuntivo.
 - e) Un verbo en infinitivo.
 - f) Un verbo en modo imperativo.
 - g) Un pronome persoal tónico.
 - h) Un pronome persoal átono.
 - i) Un adxectivo cualificativo.
 - j) Un determinante demostrativo.
 - k) Un adverbio de tempo.

“Nunca choveu” - Bolboreta

Chove, chove na casa do *probe*.

Nunca choveu que non escampara...

Nunca choveu que non escampara. [bis]

Brollada...

En Galicia non chove

mexan os gatos

chuvia quente _____

chuvia dura _____.

Mexan por _____ e temos que _____ que chove...

Non te _____ desas caixas que che din o que facer.

Sigue _____ cos teus soños,

pero faino antes de morrer.

Brollada, _____, _____, chaparrón
_____, chovisca, _____, ventisca.

A eses medos que nos meten non lles prestes
_____.

Deixa o _____, _____ xa

contra tanta e tanta _____.

Nunca choveu _ _____ de todos.

Nunca choveu _ _____ de todas.

Nunca choveu que non escampara.

Nunca choveu que non escampara...

Nesta terra _____ o sol.

“Nunca choveu” - Bolboreta

Chove, chove na casa do “probe”.

Nunca choveu que non escampara. [bis]

En Galicia non chove

mexan os gatos

chuvia quente coma mexo

chuvia dura coma o seixo.

Brollada, trebón, barrufada, chaparrón

orballada, chovisca, arroiada, ventisca.

Nunca choveu a gusto de todos.

Nunca choveu a gusto de todas.

Nunca choveu que non escampara.

Nesta terra ás veces sae o sol.

Nunca choveu que non escampara...

Brollada...

Mexan por nós e demos que dicir que chove...

Non te fies desas caixas que che din o que facer.

Sigue adiante cos teus soños,

pero faino antes de morrer.

A eses medos que nos meten non lles prestes atención.

Deixa o sofá, ergueta xa

contra tanta e tanta manipulación.

Nunca choveu que non escampara...